

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 21 de outubro de 2022**

-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as once horas do día vinte e un de outubro do ano dous mil vinte e dous, baixo a Presidencia de D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo, Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/os deputadas/os, D. Carlos López Font, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, D. Gorka Gómez Díaz, Dna. Noemí Outeda Prol, Dna. Ana Laura Iglesias González, Dna. Iria Lamas Salgueiro, Dna. María Ortega Iñarrea e Dna. Ana María Mejías Sacaluga co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Non asiste a Ilma. Sra. *Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Silva Rego*, xustificando a súa ausencia.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.32198.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 14 de outubro 2022.

2.32199.- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN, IMPLANTACIÓN E MANTEMENTO DUN SISTEMA DE XESTIÓN ECONÓMICO-FINANZEIRA E PATRIMONIAL PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2022028982)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en sesión do 15 de xullo de 2022 aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeira e patrimonial para a Deputación de Pontevedra, aprobando tamén os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na referida contratación.

Resultando que o anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 15 de xullo de 2022, aparecendo publicado o día 20 de xullo de 2022 (Anuncio de licitación 2022/S 138-394772), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de xullo de 2022. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



Resultando que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, en sesión celebrada o día 18 de agosto de 2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes á documentación administrativa acordando a Mesa de contratación a admisión da única empresa presentada: T Systems ITC Iberia SAU (CIF A-81.608.077). Así mesmo en dita sesión a Mesa de contratación acordou a apertura do sobre B correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor acordando o traslado de dita documentación aos técnicos dos servizos de Intervención e Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

Con data 14 de setembro de 2022, emítese informe pola Viceinterventora e o Xefe do servizo de Novas tecnoloxías, informe de valoración (CSV: M4MKZV1FFLE31HFC), co seguinte resultado:

Empresa	Puntuación criterios mediante xuízos de valor (Max: 48,50 puntos)
T Systems ITC Iberia SAU (CIF A-81.608.077)	21,00 puntos

A Mesa de contratación na sesión celebrada o día 29 de setembro de 2022 acordou prestar conformidade ao informe de valoración do sobre B correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (CSV: M4MKZV1FFLE31HFC) e, en base ao mesmo propor a exclusión da empresa T-Systems ITC Iberia S.A.U, por non alcanzar o mínimo do 50% da puntuación máxima correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (24,25 puntos) esixido no prego de cláusulas administrativas, para poder continuar na licitación. Así mesmo acorda propor ao órgano de contratación que se declare deserto o citado procedemento aberto ao ser T-Systems ITC Iberia S.A.U a única empresa presentada.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base 16ª.2a) de execución do orzamento da Deputación do ano 2022, que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.-Excluir a empresa T-Systems ITC Iberia S.A.U, por non alcanzar o mínimo do 50% da puntuación máxima correspondente aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor (24,25 puntos) esixido no prego de cláusulas administrativas, para poder continuar na licitación.
- 2.-Declarar deserto o procedemento aberto convocado para a contratación da subministración, implantación e mantemento dun sistema de xestión económico-financeira e patrimonial para a Deputación de Pontevedra ao resultar excluída a única empresa presentada T-Systems ITC Iberia S.A.U(CIF A-81.608.077).



3.32200.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLO EMPRESARIO LUIS JAVIER RODRÍGUEZ CABECEIRA, PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO RELATIVO Ó “PROXECTO DE DEFINICIÓN PLANIMÉTRICA E ALTIMÉTRICA DAS INSTALACIÓNS DA CIDADE INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE” (Ano 2005). (Devogaran 2022062898)

Por Resolución Presidencial de data 8 de xuño de 2005 (Núm. Rex. 05/007944, de data 9 de xullo de 2005), adxudicouse, entre outros asuntos, o contrato relativo a “Proxecto de definición planimétrica e altimétrica das instalacións da Cidade Infantil Príncipe Felipe” (Expte. Ano 2005).

Para responder da realización deste contrato, ao empresario autónomo *Luis Javier Rodríguez Cabeceira -Topodel-* (CIF.- 35299090-R), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha fianza definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, por importe de 1.147,00€ segundo consta na carta de pagamento con número de operación 200500063034 de data 20/06/2005 (*Renovación número rexistro 2005/00250 / 201300129425, de data 10 de outubro de 2013*).

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo servizo de Contratación no cal informa que finalizado o contrato e transcorrido o prazo legalmente establecido da garantía sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na realización do contrato, o que procede é a devolución da mesma.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte do empresario autónomo *Luis Javier Rodríguez Cabeceira -Topodel-*, dunha garantía definitiva con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Proxecto de definición planimétrica e altimétrica das instalacións da Cidade Infantil Príncipe Felipe*” (Expte. Ano 2005), sen que existan obrigas pendentes.



Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de CAIXA GALICIA, por importe de 1.147,00€, para responder de dito contrato, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/10/2013, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201300129425.

4.32201.- DEVOLUCIÓN DAS GARANTÍAS DEFINITIVAS, CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA MONFORTE, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS NUM.14 E 21 DO ACORDO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DE VEHÍCULOS SEN CONDUTOR, EN RÉXIME DE ALUGUER, PARA OS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA” (Expte. 20170003404 - Devogaran 2022030048)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 7 de xullo de 2017 (Nº Rexistro 2017013965, de data 18/07/2017), adoptouse, entre outros asuntos, a adxudicación do Acordo Marco para regular a contratación da “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2017003404).

Para responder da realización dos diferentes lotes que compuxeron este servizo, a empresa *Empresa Monforte, S.A.* (CIF.- A-15.019.243), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalente ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

Empresa	Lote	CD	Importe	Carta Pago	Datas
EMPRESA MONFORTE, S.A. (A-15019243)	2	14	264,00€	201900009506	11/01/2019
		21	4.872,00€	202000011015	15/01/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Contratación no cal se informa que proceden as devolucións das fianzas depositadas ao transcorrer os prazos legalmente establecidos para elas sen que o servizo correspondente comunicara ningún vicio ou defecto na execución do contrato.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil *Empresa Monforte, S.A.*, dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.



A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos Contratos Derivados números 14 e 21 do Acordo Marco convocado para regular a contratación do “*Subministración de vehículos sen condutor, en réxime de aluguer, para os centros e servizos da Deputación de Pontevedra*” (Expte. 2017003404), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantías definitivas constituídas pola entidade mercantil *Empresa Monforte, S.A.*, por resultar adxudicataria de ditos *Contratos Derivados* que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de douscentos sesenta e catro euros (264,00 €), para responder do “CD 14”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 11/01/2019, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201900009506.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *GENERALI*, por importe de catro mil oitocentos setenta e dous euros (4.872,00 €), para responder do “CD 21”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 15/01/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000011015.

#### 5.32202.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE OBRIGAS

Vista a relación de facturas con número 2022063306, que contén 11 facturas e por un importe de 9.354,40 € e con CSV:6JPD01TSAV5J0KZZ, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13/10/2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	9.354,40€
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	9.354,40 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*



### 6.32203.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES

Vista a relación de facturas con número 2022063302, que contén unha factura e por un importe de 248,05 € e con CSV: 9OGRO6YZY9X7BNUG, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 13 de outubro de 2022, e o/os xefe/s de servizo ou responsables dos centros Xestores, no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de validación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total .....	248,05 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible .....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos .....	0,00 €
Outros descontos .....	0,00 €
Total líquido .....	248,05 €

*Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se Aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.*

### 7.32204.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR CAÍDA NO CONCELLO DE VIGO (Expte. 2022007033)

Dada conta que con data de rexistro 09/02/2022 (núm. rex. WEB2022005248), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Carlos Gómez Moldes por lesións e danos materiais producidos por mor dunha caída, o día 19/02/2021, a consecuencia, segundo manifesta, dun socavo na beirarrúa da estrada provincial E.P. 2001 Garrida-Valladares, no Concello de Vigo, e que foi cuantificada economicamente, de forma provisional, en 4.538,12 €.

Resultando.- Que con data 24/02/2022, e con fundamento no artigo 141.1 c) da Lei 40/2015, solicitouse á Policía Local de Vigo o informe elaborado en relación con estes feitos, remitindo o mesmo na data 01/03/2022.

Resultando.- Que con data 03/03/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 06/04/2022, co seguinte contido:

*PRIMEIRO.- O sinistro localízase na EP-2001, na marxe dereita do p.q. 10+420. Dito punto quilométrico pertence á Rede de Estradas da Deputación Provincial de Pontevedra.*





*SEGUNDO.- Segundo a explicación do reclamante, a caída tivo lugar cando transitaba pola beirarrúa ao tropezar por mor dun afundimento.*

*TERCEIRO.- A beirarrúa nese punto está formada por un bordillo de formigón e un pavimento de baldosa hidráulica, cun ancho de 2,40m. Na beirarrúa existe un afundimento, que no punto máis profundo ten 6 cm de altura, e na zona se localizan distintas arquetas de servizos (electricidade, abastecemento, alumeadado público e rede de augas pluviais).*



*CUARTO.- O tipo de solo no que se localiza o lugar da caída (marxe dereita do p.q. 10+420) é solo urbano, segundo figura no Planeamento vixente do Termo municipal de Vigo.*

*Superpoñendo unha fotografía aérea coa clasificación do solo segundo o planeamento, se diferencian claramente os tipos de solo na zona: solo rústico (sen sombreado) e solo urbano (sombreado azul).*



*De modo xeral, en solo urbano a competencia en conservación e mantemento de beirarrúas, aínda que estean situadas no dominio público doutra administración, ven determinado polas competencias que o Municipio ten en plantexamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Por conseguinte, nos casos relativos a solo urbano, como é o caso indicado na queixa remitida, a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas corresponde ó Concello.*



*QUINTO.- Na beirarrúa existe un afundimento, e na zona se localizan distintas arquetas de servizos (electricidade, abastecemento, alumado público e pluviais). Non é posible acreditar as causas do afundimento (avaría de abastecemento, mala compactación de zanxas, filtracións de augas no subsolo, cargas non previstas sobre a beirarrúa, etc).*

*A beirarrúa non foi arranxada, sendo o estado actual dese tramo de beirarrúa o mesmo que no momento do accidente.*

*SEXTO.- Non se rexistra aviso nin saída da brigada de garda deste organismo ó citado sinistro. Non hai constancia de ningunha outra incidencia nesa data nin nese punto pola mesma causa.*

*Non había sinalización advertindo do perigo.*

*Fdo.- María Elena Pérez Alonso  
Enxeñeira*

*Fdo.- Daniel Romay Díaz  
Director de Infraestruturas e Vías Provinciais \_\_\_\_\_*

Resultando.- Que con datas 12/04/2022 e 09/05/2022, e con fundamento nos artigos 4.1, apartados b) e c), da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, déuselle traslado da reclamación ó Concello de Vigo para que puidera comparecer como interesado e facer as alegacións que tivera por convenientes, o cal foi cumprimentado na data 12/05/2022 co resultado que obra no expediente.

Resultando.- Que con data 20/05/2022, déuselle traslado do alegado polo Concello de Vigo ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación, emitindo informe ao respecto na data 06/06/2022 co seguinte contido:

- 1. Efectivamente, non existe precepto na lexislación de estradas que estipule de forma concreta que as beirarrúas deben ser mantidas polos concellos. Pero tampouco existe precepto na lexislación de estradas que estipule de forma concreta que as beirarrúas en solo urbano deben ser mantidas polo titular da vía.*
- 2. O artigo 6.2b) da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG) establece que os espazos lonxitudinais, sensiblemente paralelos ás estradas, “respecto das que teñen un carácter secundario”, tales como as beirarrúas, teñen a consideración de elemento funcional.*
- 3. Pero en solo urbano, as beirarrúas xa non teñen un “carácter secundario” respecto das estradas. Se trata aquí de rúas polas que transitan máis peóns que vehículos e rúas nas que a as beirarrúas son o espazo público do núcleo de poboación. E esa perda de carácter secundario respecto da estrada, nun espazo público urbano no que os concellos exercen as súas competencias, motiva que sexan os concellos os que exerzan as súas competencias propias a través da conservación e mantemento das beirarrúas. Xa que os concellos, en solo urbano, independentemente doutros elementos urbanos colocados sobre as beirarrúas:*
  - o Instalan as redes de saneamento baixo a beirarrúa. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*





- *Instalan as redes de abastecemento baixo a beirarrúa. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
  - *Instalan as redes de alumeado baixo a beirarrúa. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
  - *Requiren outros servizos urbanos baixo a beirarrúa para atender ós veciños do núcleo urbano tales como subministradores eléctricos, de telecomunicacións ou de gas. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
  - *Outorgan licencias de vado para paso de vehículos sobre as beirarrúas. Uso que menoscaba a conservación e mantemento da beirarrúa.*
  - *Exercen as labores de policía e do exercicio sancionador respecto dos aparcamentos indebidos ou a instalación de contedores sobre as beirarrúas. Actividades que producen danos e menoscaban a conservación e mantemento das mesmas.*
  - *Realizan a limpeza viaria da superficie da beirarrúa. Actividade que implica en si mesma unha conservación e mantemento das beirarrúas.*
  - *Exercen as labores de policía e o exercicio sancionador respecto de situacións que impiden o correcto uso das beirarrúas debido, por exemplo, á invasión do dominio público por vexetación proveniente de predios lindeiros. E moitas veces o control da vexetación dos predios lindeiros é clave, ademais de para permitir o uso das beirarrúas, para a súa correcta conservación e mantemento.*
4. *Efectivamente o art. 33.7 da LEG establece que os concellos conservarán e manterán os elementos que non formen parte dos elementos funcionais das estradas e lles sirvan ós concellos para exercer as súas competencias. Pero a LEG non establece que todos os elementos funcionais das estradas, e máis concretamente as beirarrúas, deban ser conservados e mantidos polo titular da vía.*
- *Independentemente de se a beirarrúa en solo urbano pode considerarse elemento funcional dunha estrada ou non (dada a perda do seu carácter secundario) no art. 2.b) da LEG se determina que o dominio público viario inclúe non só os terreos ocupados polos elementos funcionais, senón tamén as construcións e instalacións existentes neles. É dicir, as canalizacións de saneamento, abastecemento, telefonía ou electricidade están incluídas no dominio público viario. E sendo dominio público, non está en dúbida que a súa conservación e mantemento non compete ó titular da vía.*
  - *O art. 9.2 da LEG establece que a Administración titular da estrada é responsable do servizo público viario, así como do debido exercicio das facultades e prerrogativas que lle reconece esta lei. E efectivamente dentro dese exercicio de facultades está a explotación das estradas. A cal, definida no art. 33 da LEG, comprende non só a conservación e mantemento do dominio público viario (lembramos o establecido no art. 2.b, sobre que estar incluído no dominio público non implica que a súa conservación e mantemento compete ó titular da vía), senón tamén realizar accións encamiñadas á súa defensa, mellor uso e aproveitamento.*



*E isto último é o que realiza o titular da vía nas beirarrúas cós concellos. Por iso toda actuación do concello respecto das beirarrúas precisa dunha autorización administrativa do titular da vía na que se fixan uns condicionantes de actuación e de uso.*

5. *Non se está apoñer en dúbida que as beirarrúas formen parte das estradas cando están situadas no seu dominio público viario. E non se está a poñer en dúbida que o concello non teña competencias propias viarias nas estradas doutras administracións.*

○ *E o que non se pon en dúbida é que o concello é quen debe conservar e manter as beirarrúas cando se trata de solo urbano xa que neste caso o municipio exerce as súas competencias, non propias viarias, pero si propias de dotación de servizos (subministrados varios), propias urbanísticas (vados de acceso de vehículos, urbanización ou planeamento) e demais competencias propias (control de tráfico por aparcamentos enriba da beirarrúa, control de vexetación de parcelas que invade e deteriora as beirarrúas, etc.)*

○ *En calquera caso, o determinante é que en solo urbano os titulares dos predios colindantes teñen a obriga de realizar cesión urbanística ó concello (art. 20.a da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia). Se o vial non é de titularidade do concello, neste caso é o concello o responsable de entregar estes terreos de cesión debidamente urbanizados ó titular da vía. E cando o concello no exerce debidamente esta competencia, é cando o concello subscribe o correspondente convenio de colaboración coa administración titular da vía. Por este motivo, tense asinado numerosos convenios de colaboración có Concello de Vigo, ou entidades menores dependentes del, para urbanizar estradas en solo urbano:*

- *“Urbanización e/ou ensanche da estrada provincial de Gran Vía a avenida de Madrid” (1997).*
- *“2a fase da estrada de O Vao de C-550 a PO-324” (1997).*
- *“Urbanización zona Pedra e Lameiro EP Calvario-A Garrida” (2003).*
- *Dotación de servizos necesarios (beirarrúas, pluviais, iluminación, etc.) así como renovación da rodadura de determinadas estradas provinciais (2004):*

- *“EP-2001 Calvario-Garrida, nos seus tramos M. Garrido-Antigua N-120 e E.Presas-Iglesia Beade”*
- *“EP-2004 Beade-Carneiras”*
- *“EP-2005 Meixoeiro-CUVT”*

- *Dotación de servizos necesarios (beirarrúas, pluviais, iluminación, etc.) así como renovación da rodadura dos tramos Mosteiro-Mourelle e Colexio-Mosteiro da EP-2001 Calvario-Garrida (2004).*

○ *Se as beirarrúas en solo urbano non son de competencia municipal, non se entende que o Concello de Vigo aporte parte da financiación precisa e os terreos necesarios.*



6. *Por último indicar que na rede viaria da Deputación de Pontevedra, en solo urbano, as beirarrúas non están sendo conservadas nin mantidas polo ente provincial en ningún concello. E que a actuación do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se basea, ademais do exposto anteriormente, no informe da Secretaría Xeral de 2 de agosto de 2017 que se reproduce a continuación:*

*“En relación coa petición de informe do Director do Servizo de Mobilidade sobre a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas das estradas provinciais que transitan por núcleos urbanos, maniféstase o seguinte:*

1. *Para analizar o réxime competencial no relativo á conservación das beirarrúas é necesario acudir á Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que establece no seu art. 25 as competencias propias dos concellos, determinando no seu apartado 2.d) que corresponderá ós concellos todo o relativo a “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”.*

*Tendo en conta que este réxime supón que as competencias neste ámbito se distribúen en función da titularidade das estradas, será preciso acudir á Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia. Nela identifícanse as beirarrúas dentro do dominio público viario como elementos funcionais das estradas (combinación dos art. 2.b) e 6), o cal determinará o seu réxime normativo.*

2. *No caso que se nos consulta relativo ás estradas que transitan por núcleos urbanos, hai que ter en conta o disposto tanto no art. 7 (no que se definen os tramos urbanos como “tramo que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano o de núcleo rural”) e o art. 8 no que se describen as travesías urbanas (como “o tramo dunha estrada no que, discorrendo por solo urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación”).*
3. *Segundo o disposto no art. 33.7 da Lei 8/2013, como réxime xeral, corresponderá ós concellos “a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais”. Se ben, contéplase a posibilidade de modificación deste réxime por acordo entre o municipio e a administración titular da estrada. Sen embargo, sendo as beirarrúas un elemento funcional das estradas, o caso que se nos presenta trátase dunha excepción á regra xeral en tanto que, da consideración das travesías como solo urbano (definido no art. 16 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia), derivase a competencia dos municipios en materia de “planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística” tal e como establece o seu art. 12.1.*

*Este desprazamento de determinadas competencias en canto ó municipio polo que transcorre a travesía parece confirmarse atendendo ó réxime de autorizacións contido na Lei de Estradas de Galicia, que no caso de obras, instalacións ou actividades na parte da zona de dominio público dos tramos urbanos dispón que serán outorgadas polo Concello (aínda que con informe vinculante da administración titular da estrada).*



*Neste mesmo sentido manifestouse o Tribunal de Xustiza de Galicia, na súa sentenza de 31 de xullo de 2003 ó establecer que “a conversión das estradas estatais en travesías ou tramos urbanos leva consigo determinadas consecuencias” por exemplo, neste réxime de autorización. Esta conclusión resulta lóxica ó ter en conta a utilización e aproveitamento que das beirarrúas das travesías pode obter o municipio no cumprimento dos seus intereses.*

4. *Por conseguinte, á vista do anterior, entendemos que a competencia en materia de conservación de beirarrúas no caso das estradas provinciais que transitan por núcleos urbanos, corresponde ós concellos correspondentes.*

*Pontevedra, 2 de agosto de 2017  
O Secretario*

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022005673, de data 03/08/2022, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver a reclamación por corresponder nese intre procedimental a apertura do período probatorio, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022005672, de data 03/08/2022, e en virtude do artigo 77 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, abriuse o período referido ós actos de instrución do procedemento, no cal o interesado podería propoñer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes, e debendo aportar, como acto de instrución realizado de oficio, a cuantificación económica do importe reclamado polas lesións padecidas, aportando o informe médico de alta e, de ser o caso, o informe médico-pericial determinante das secuelas, así como as facturas polos importes das gafas, pantalón e chaqueta.

Resultando.- Que con data 18/08/2022 achega escrito no que propón medios de proba e cuantifica, de forma provisional, o importe reclamado en 4.538,12 €.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº 2022006403, de data 08/09/2022, rexeitáronse unhas e admitíronse outras das probas propostas polo interesado e púxose, asemade, fin ó período probatorio polo transcurso do prazo establecido para o mesmo na data 02/09/2022.

Resultando.- Que con data 09/09/2022, solicitouse informe á Xefa da Inspección Médica da Deputación para que informase acerca de o leve desnivel que se aprecia nas fotografías do expediente é susceptible de causar os danos que se reclaman, remitindo o mesmo na data 29/09/2022, co seguinte contido:

*1º.- Don Carlos Gómez Moldes, tras caída accidental en vía pública, acude al Servicio de Urgencias de POVISA el domingo día 19 de diciembre de 2021.*



2º.- En la anamnesis del informe emitido por el facultativo que atiende la urgencia, se indica que el paciente refiere dolor en la rodilla izquierda y herida en región nasal, no presenta mareo, ni cefalea ni otra sintomatología relevante.

3º.- Explorado el paciente, se apuntan como datos de interés clínico: erosiones cutáneas en cara anterior de rodilla izquierda y ausencia de limitaciones u otras lesiones en la misma; herida contusa en dorso nasal sin deformidad ni crepitación y la ausencia de lesiones cutáneas, deformidad o crepitación en muñeca izquierda.

4º.- Las radiografías de la nariz y de la muñeca izquierda no evidencian fracturas desplazadas ni señalan lesiones óseas en ambas zonas.

5º.- Durante su estancia en urgencias no precisa tratamiento farmacológico y se le prescribe Naproxeno 550 pautado para domicilio, cada 12 horas durante 3 días.

6º. Tres días después de la caída, el 22 de diciembre, acude a su médica que emite el parte de Incapacidad Temporal, y a la vista de las lesiones y algias, estima una duración corta del proceso (15 días), cambiando la duración del proceso a larga (86 días) en el parte de confirmación número 1. La facultativa emite el parte de alta el 11 de febrero de 2022, acortando a 55 días la duración de la Incapacidad temporal.

7º.- El 25 de febrero de 2022, la médica emite nuevo parte de Incapacidad Temporal, considerándolo recaída del proceso anterior y estableciendo de inicio un período largo de 60 días, sin embargo, emite el parte de alta a los 25 días.

8º. Don Carlos Gómez Moldes, aporta un informe de fecha 23 de mayo, muy posterior al alta, de una Resonancia Magnética de la muñeca izquierda, que describe como posible un impingement cubital (aumento de la longitud del cúbito en relación con el radio), cuya etiología puede ser congénita o por un trauma antiguo, entre otros.

Teniendo en cuenta la cronología de los informes y de los procesos de incapacidad temporal, únicamente con los datos aportados en los informes, considero relevante reflexionar sobre cómo se producen las lesiones tras la caída y las ausencias de síntomas o signos que motivan la emisión del parte de alta (en un primer proceso) para posteriormente (15 días después del alta) emitir otro nuevo proceso de Incapacidad temporal, con una duración de 25 días.

Cuando una persona cae, de manera espontánea se alargan los brazos y se extienden las manos, para tratar de minimizar el impacto. En el informe de urgencias aportado, no se evidencian lesiones cutáneas en manos, ni en muñecas. Únicamente describen este tipo de lesiones en la rodilla izquierda, si bien es cierto que exploran también la muñeca izquierda, pero no indican ningún tipo de lesión o deformidad en la misma.

Es posible que el impacto no se minimizara lo suficiente y se golpeará la nariz, porque únicamente echó la mano izquierda, por llevar ocupada la derecha o por no prestar la diligencia adecuada en la deambulación, que le permitiese en condiciones ordinarias, percatarse del pequeño desnivel fácilmente perceptible y evitable.



*En relación al proceso de recaída de fecha 25 de febrero, 15 días después de emitir el alta, parece poco probable que los síntomas supuestamente ausentes anteriormente (motivo por el que le dan el alta) sean consecuencia directa de la caída, hipótesis apoyada por la ausencia de tumefacción y edema en la muñeca izquierda en el momento de la caída y, considero que es el motivo del segundo proceso de Incapacidad Temporal, porque en fechas posteriores realiza una RM de la misma.*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo Xeral.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescrición), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acontecido polos seguintes argumentos que se desprenden do expediente:

- A caída tivo lugar ás 15:15 horas, é dicir, a plena luz do día.
- Nas fotografías aportadas pola reclamante obsérvase que o leve desperfecto era perfectamente visible, existindo mais espazo na beirarrúa para pasar, adoptando o reclamante unha actitude arriscada ó decidir transitar xusto por riba do mesmo.
- Segundo o informado polo Servizo de Infraestruturas da Deputación, non hai constancia de ningunha outra incidencia nesa zona.
- Segundo o informe da Xefa da inspección médica da Deputación, tendo en conta a cronoloxía dos informes e dos procesos de incapacidade temporal, unicamente cos datos aportados nos informes, considérase relevante reflexionar sobre como se producen as lesións trala caída e as ausencias de síntomas ou signos que motivan a emisión do parte de alta (nun primeiro proceso) para posteriormente (15 días despois da alta) emitir outro novo proceso de Incapacidade temporal, cunha duración de 25 días.
- Asemade, recóllese en dito informe a dinámica natural nunha caída, que motiva que de forma espontánea se alonguen os brazos e se estendan as mans para tratar de minimizar o impacto, cousa que non se produciu, pois no informe de urxencias aportado, non se evidencian lesións cutáneas en mans, ni en muñecas, somentes se describen este tipo de lesións no xeonllo esquerdo, téndose realizado exploración tamén na muñeca esquerda, pero non indican ningún tipo de lesión ou deformidade.



- A hipótese mais probable é que o impacto non se minimizara o suficiente e se golpeará o nariz, porque unicamente botou a man esquerda, por levares ocupada a dereita ou por non prestar a dilixencia adecuada na deambulacón, que lle permitira en condicións ordinarias, percatarse do pequeno desnivel facilmente perceptible e evitable.
- Considera, asemade, a inspectora médica, en relación ó proceso de recaída de data 25 de febreiro, 15 días despois de emitir a alta, que parece pouco probable que os síntomas supostamente ausentes anteriormente (motivo polo que lle dan a alta) sexan consecuencia directa da caída, hipótese apoiada pola ausencia de tumefacción e edema na muñeca esquerda, motivo do segundo proceso de Incapacidade Temporal, xa que en datas posteriores realiza una RM de la mesma.
- A maiores, a estrada nesta punto discorre por solo urbano, no que de modo xeral a competencia en conservación e mantemento de beirarrúas, aínda que estean situadas no dominio público doutra administración, ven determinada polas competencias que o Municipio ten en plantexamento, xestión, execución e disciplina urbanística.
- A competencia de conservación en mantemento das beirarrúas, por tanto, corresponde ó Concello.

Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, a pesares de atoparse o lugar a escasos metros do restaurante Celme Galego, o que incide na falta de dilixencia e atención do accidentado.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... *El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...*” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.





- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“...aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...”*
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:  
*“Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...). Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...”*
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:  
*“...el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...”*
- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
*“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.*
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“(...) Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que Mª Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.*

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra.



Considerando.- Que a Ordenanza de Seguridade Viaria da Deputación Provincial de Pontevedra aprobada na sesión plenaria celebrada o día 22/02/2013, sen que se tivera presentado ningunha alegación á mesma (nin recurso ningún especificamente polo Concello de Vigo), de aplicación en todas as vías de titularidade provincial, recolle no seu artigo 5.5 o seguinte:

“A responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación”.

Polo que a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas neste tramo correspondería, por tanto, ao Concello.

Considerando.- Que o Concello de Vigo non recorreu a citada ordenanza ni na vía administrativa nin na vía contenciosa.

Considerando.- Que a Sentenza 5/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, sinala o seguinte:

“El dato de referencia se vino también a confirmar definitivamente gracias a la aportación documental realizada en Sala por el letrado de la Diputación, consistente en una copia de la ordenanza de seguridad vial de la Diputación, aprobada el 22/02/2013 y publicada en el BOPDEPO nº 98, de 23/05/2013, de entre cuyas disposiciones se hizo especial mención por dicho letrado al art. 5.4 y 5, sobre cuyo contenido también se emitió certificación de enero de 2019 del secretario xeral de la demandada, confirmando que las “aceras” pertenecientes a vías urbanas y travesías de carreteras de titularidad provincial, tienen la consideración de elementos de urbanización lo que, según el párrafo 5º del art. 5 de la Ordenanza ya mencionada, conlleva la “responsabilidad” por su gestión, sostenimiento y reparación a cargo del Concello dentro de cuyo término municipal se halle la vía, tramo urbano o travesía en cuestión, por más que la titularidad de la misma sea provincial, es decir, de la Diputación”.

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.



Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

8.32205.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR CAÍDA NO CONCELLO DE SOUTOMAIOR (Expte. 2021060763)

Dada conta que con data de rexistro 25/11/2021 (núm. rex. WEB2021045643), o Concello de Soutomaior traslada a esta Deputación Provincial a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por *D<sup>a</sup>. Consuelo Caridad Argundín Zulueta* perante o citado Concello, por lesións padecidas por mor dunha caída, o día 28/06/2021, a consecuencia de baldosas levantadas á altura do nº 1 da Rúa Cochón, no Concello de Soutomaior, e que foi cuantificada economicamente en 7.559,64 €.

Resultando.- Que con data 03/12/2021, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 16/02/2022, co seguinte contido:

*PRIMEIRO.- O número 1 da rúa Cochón de Arcade, no Concello de Soutomaior está xusto na intersección entre a estrada EP-2909 ARCADE-VISO (que pertence á rede provincial de estradas) e a Rúa do Calvario.*





SEGUNDO.- Nos antecedentes que se achegan coa reclamación sinálase que o accidente tivo lugar en torno as 10.00 horas do día 28 de xuño do ano 2021. Ás 13.40 horas comunícase, por parte do 112-SOS GALICIA, a existencia dunha “beirarrúa en mal estado”.

Parte de Vías e Obras

Ano 2021 Parte 357 Finalizado

**Datos Rexistro**

Data 28/06/2021 13:40 Alberto

Comunica 112 - SOS GALICIA

Incidencia ACERA EN MAL ESTADO.

Concello SOUTOMAIOR Estrada 2909 - Arcade - Viso

Ubicación K.M. 0.0

Brigada Bacariza Zona Sur

**Seguimento**

			Horas	Minutos	
Comunicado	28/06/2021	13:40	Alberto	0	0
Finalizado	28/06/2021	15:00	Dominguez	0	0

Notas

A brigada de conservación e mantemento responsable acude ao lugar para atender a incidencia e non atopa ningún dano recente ou puntual a sinalizar (achegamos as fotos tomadas ese día polo capataz para informar do parte aberto).





*Dende o 1 de xaneiro de 2.019 ata a data de hoxe non existe ningún outro parte de incidencia por este motivo (ou por outros similares) nesa estrada provincial (achégase o filtro dos anos 2019 e 2020)*

#### Partes de incidencias para vías e obras

<b>Nº de Parte</b>	<b>Registro</b>	06/06/2019	17:11	01128	<b>SOUTOMAIOR</b>	<b>Sur</b>	
2019	234	<b>Comunicado</b>	06/06/2019	17:13	01128	<b>Arcade - Viso</b>	
		<b>Finalizado</b>	06/06/2019	17:13	01128	<b>Victor</b>	
		<b>Comunica</b>	112 - SOS GALICIA				
		<b>Notas</b>	VEN DO 232 E 233				
<b>Finalizado</b>		<b>Incidencia</b>	ÁRBORE CAIDA SOBRE CABELS E CORTA UN CARRIL.				





Partes de incidencias para vías e obras

<b>Nº de Parte</b>	<b>Rexistro</b>	07/09/2020	18:12	01128	SOUTOMAIOR	Sur
2020	317	<b>Comunicado</b>	07/08/2020	18:12	Arcade - Viso	1.0
		<b>Finalizado</b>	07/09/2020	21:00	Victor	
		<b>Comunica</b>	112 - SOS GALICIA			
		<b>Notas</b>	Paulino Alonso como conductor			
<b>Finalizado</b>		<b>Incidencia</b>	Firme da estrada afundido			

TERCEIRO.- *Aparentemente o mal estado da beirarrúa no punto onde se sinala a caída pode deberse a diferentes causas: execución de obras no edificio, paso do tempo, etc (achégase fotos do informe do vixiante e do visor de Google Earth).*



Foto do visor de Google Earth



Foto estado actual




Foto estado actual

CUARTO.- *Non existía, con anterioridade a esta reclamación, constancia de ningún perigo que puidera incidir na seguridade viaria da estrada provincial, polo que non procedía por parte deste servizo a sinalización do mesmo.*



*QUINTO.- Informarlle que a conservación e mantemento de beirarrúas así como das redes de servizos (como é o caso da arqueta de rexistro existente) en solo catalogado como urbano (caso que nos ocupa) , vén determinada polas competencias que o Municipio ten en planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.*



*Segundo o recollido na ORDENANZA DE SEGURIDADE VIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA: “A responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación.*

*Terán a consideración de elementos de urbanización a iluminación, beirarrúas, saneamento, papeleiras, colectores de lixo, etc., e rexeranse polas normas específicas de urbanización”.*

Consulta y certificación de bien Inmueble															
CARTOGRAFÍA	<table border="1"> <thead> <tr> <th colspan="2">DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Referencia catastral</td> <td>277600263827N00014L </td> </tr> <tr> <td>Localización</td> <td>CR VISO 1 Es:E-PI-1 PL-B2 36690 SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)</td> </tr> <tr> <td>Clase</td> <td>Urbano</td> </tr> <tr> <td>Uso principal</td> <td>Almacén,Estac.</td> </tr> <tr> <td>Superficie construída </td> <td>14 m<sup>2</sup></td> </tr> <tr> <td>Año construción</td> <td>1988</td> </tr> </tbody> </table>	DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE		Referencia catastral	277600263827N00014L	Localización	CR VISO 1 Es:E-PI-1 PL-B2 36690 SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)	Clase	Urbano	Uso principal	Almacén,Estac.	Superficie construída	14 m <sup>2</sup>	Año construción	1988
DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE															
Referencia catastral	277600263827N00014L														
Localización	CR VISO 1 Es:E-PI-1 PL-B2 36690 SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)														
Clase	Urbano														
Uso principal	Almacén,Estac.														
Superficie construída	14 m <sup>2</sup>														
Año construción	1988														
CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA	<table border="1"> <thead> <tr> <th colspan="2">PARCELA CATASTRAL</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td colspan="2">Parcela con varios inmuebles (división horizontal)</td> </tr> <tr> <td>Localización</td> <td>RU COCHON (DO) 1 SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)</td> </tr> <tr> <td>Superficie gráfica </td> <td>329 m<sup>2</sup></td> </tr> <tr> <td>Participación del inmueble</td> <td>0,342146 %</td> </tr> </tbody> </table>	PARCELA CATASTRAL		Parcela con varios inmuebles (división horizontal)		Localización	RU COCHON (DO) 1 SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)	Superficie gráfica	329 m <sup>2</sup>	Participación del inmueble	0,342146 %				
PARCELA CATASTRAL															
Parcela con varios inmuebles (división horizontal)															
Localización	RU COCHON (DO) 1 SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)														
Superficie gráfica	329 m <sup>2</sup>														
Participación del inmueble	0,342146 %														
IMPRIMIR DATOS	CONSTRUCCIÓN														

*A competencia de conservación e mantemento das beirarrúas e servizos neste tramo correspondería por tanto ao Concello.*

*María Belén Pampín Camino*

*Enxeñeira*

*Daniel Romay Díaz*

*Director de infraestruturas e Vías Provinciais*





Resultando.- Que con data 24/01/2022, D<sup>a</sup>. Consuelo Caridad Argundín Zulueta solicita que sexa consultado de oficio o informe elaborado con motivo do accidente pola Policía Local de Soutomaior, o cal foi remitido a esta Deputación na data 23/02/2022, e no cal se relata o seguinte:

*“Parte de servizo:*

*Siendo las 09:45 del día 28 junio de 2021 los componentes de la policía Local de Soutomaior, a su paso por el km 0 de la vía SP.P. 2909 se encuentran con el accidente de un viandante, comprobando que sufre varias lesiones.*

*Se comprueba que tal accidente es el resultado del mal estado y la falta de conservación de la acera destinada al uso de los peatones.*

*Por lo que desde esta policía se solicita al titular de la vía E.P. 2909 la reparación de dicha acera situada en el km 0 y que se realicen las obras que sean pertinentes para evitar futuras daños.*

*Los Agentes*

*A269004*

*A269003”*

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial n<sup>o</sup> RP2022002182, de data 23/03/2022, e en virtude do artigo 77 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, abriuse o período referido ós actos de instrución do procedemento, no cal a interesada podería propoñer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes, e debendo cuantificar, como acto de instrución realizado de oficio, o importe reclamado polas lesións padecidas, aportando o informe médico de alta e, de de ser o caso, o informe médico-pericial determinante das secuelas.

Resultando.- Que con data 29/03/2022, D<sup>a</sup>. Consuelo Caridad Argundín Zulueta presenta escrito no que cuantifica o importe reclamado polas lesións padecidas en 7.559,64 €, e aportando na data 04/04/2022 informe médico no que se detalla como día da alta o 12/11/2021.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial n<sup>o</sup> RP2022003919, de data 20/05/2022, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver a reclamación por corresponder naquel intre procedimental o emprazamento como interesado no procedemento ó Concello de Soutomaior, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.

Resultando.- Que con datas 20/05/2022 e 17/06/2022, e con fundamento nos artigos 4.1, apartados b) e c), da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, déuselle traslado da reclamación ó Concello de Soutomaior para que puidera comparecer como interesado e facer as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito de alegacións na data 21/06/2022, co seguinte contido:

*(...) Consta no expediente informe do letrado D. Santiago Nandín Vila de data 20/06/2022, coa conformidade da Secretaria do Concello, que nos seus extremos mais relevantes di:*

*I.- Á vista da resolución trasladada pola Deputación de Pontevedra cómpre reiterar o exposto en previa resolución que aprecia a ausencia de competencia desta Administración e, polo contrario, a competencia do organismo provincial en calidade de eventual responsable dada a súa condición de titular sobre o viño público no que produciuse a caída obxecto da reclamación patrimonial.*



O artigo 54 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local (LBR) establece que as entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa. Así mesmo, o artigo 32 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP) afirma que os particulares terán dereito a ser indemnizados polas administracións públicas correspondentes, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos salvo nos casos de forza maior ou de danos que o particular teña a obriga de soportar de acordo coa lei. Neste sentido, e de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL) corresponde ao Concello, como competencia propia, as labores de mantemento e conservación sobre a infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade. Consonte o exposto, non exerce competencias nin, polo tanto, pode asumir responsabilidade, sobre o mantemento de infraestruturas sobre as cales non ostenta a súa titularidade.

II.- Examinado o contido da reclamación cursada advírtese a ausencia de competencia desta Administración Local para a tramitación e resolución da mesma, toda vez que, segundo faise constar na mesma, a caída que motiva a reclamación teríase producido na beirarrúa existente á altura do edificio núm. 1 da rúa Cochón, sendo que o vieiro, no indicado punto, corresponde a un tramo da estrada provincial EP-2909, titularidade da Deputación provincial de Pontevedra, o que non é negado no informe do Servizo de Infraestruturas parcialmente reproducido na comunicación trasladada. Xa que logo, e residenciándose a eventual causa dos danos reclamados nunha deficiente conservación da beirarrúa da EP-2909 –e non de ningún servizo e/ou elemento municipal- resulta competencia da Deputación de Pontevedra a resolución da reclamación cursada (artigo 32 da Lei 40/2015). Normativa prevalente a regulamentación que púidese ter aprobado o órgano provincial, que non é susceptible de alterar as regras de responsabilidade obrantes na sinalada Lei 40/2015.

En consecuencia e atendendo ao disposto no artigo 14 da LRXSP procede dar traslado da presente resolución ao organismo provincial e á interesada.

Resultando.- Que con data 07/09/2022 solicitouse informe complementario ó Servizo de infraestruturas, ós efectos de que aclarasen a contradición existente no informe, xa que no parte achegado de Vías e Obras do día dos feitos sinalase que “A brigada de conservación e mantemento responsable acude ó lugar para atender a incidencia e non atopa ningún dano recente ou puntual a sinalizar (achegamos as fotos tomadas ese día polo capataz)”, recolléndose no punto terceiro o seguinte: “Aparentemente o mal estado da beirarrúa no punto onde se sinala a caída pode deberse a diferentes causas: execución de obras no edificio, paso do tempo, etc”.

Resultando.- Que con data 16/09/2022 o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais remite informe aclaratorio co seguinte contido literal:

*Na solicitude inicial por parte de Asesoría Xurídica facíanse entre outras cuestións as seguintes preguntas:*

- *Se nese Servizo se tivo coñecemento da caída ou doutras acontecidas pola mesma causa en datas anteriores ou posteriores.*



- *A que puido deberse o desperfecto e, no seu caso, se foi arranxado e por quen.*

*No informe inicial tratamos de contestar as dudas prantexadas neste escrito.*

*Se descoñece a causa final do desperfecto pero ante a cuestión prantexada indícanse as posibles causas :*

*“O mal estado da beirarrúa no punto onde se sinala a caída pode deberse a diferentes causas: execución de obras no edificio, paso do tempo, etc (achégase fotos do informe do vixiante e do visor de Google Earth)”.*



Foto do visor de Google Earth



Foto estado actual



Foto estado actual

*Por outra banda, en canto á primeira cuestión aportase a documentación na que queda constancia de que “ Non existía, con anterioridade a esta reclamación, constancia de ningún perigo que puidera incidir na seguridade viaria da estrada provincial”.*

*Como a conservación e mantemento de beirarrúas así como das redes de servizos (como é o caso da arqueta de rexistro existente) en solo catalogado como urbano (caso que nos ocupa) , vén determinada polas competencias que o Municipio ten en prantexamento, xestión, execución e disciplina urbanística.*



*E segundo o recollido na ORDENANZA DE SEGURIDADE VIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA: “A responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación.*

*Polo anteriormente exposto concluímos que, por parte do servizo de Infraestruturas e segundo as fotos que se achegan co expediente inicial, trátase dunha deficiencia superficial perfectamente visible e salvable no normal camiñar dun peón polo que non era responsabilidade deste servizo nin a súa sinalización nin a súa subsanación.*

Resultando.- Que con data 06/06/2022, o Director do Servizo de infraestruturas e Vías Provinciais emite informe co seguinte contido noutro expediente con identidade de razón, que *mutatis mutandis* pode ilustrar o presente:

1. *Efectivamente, non existe precepto na lexislación de estradas que estipule de forma concreta que as beirarrúas deben ser mantidas polos concellos. Pero tampouco existe precepto na lexislación de estradas que estipule de forma concreta que as beirarrúas en solo urbano deben ser mantidas polo titular da vía.*
2. *O artigo 6.2b) da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (LEG) establece que os espazos lonxitudinais, sensiblemente paralelos ás estradas, “respecto das que teñen un carácter secundario”, tales como as beirarrúas, teñen a consideración de elemento funcional.*
3. *Pero en solo urbano, as beirarrúas xa non teñen un “carácter secundario” respecto das estradas. Se trata aquí de rúas polas que transitan máis peóns que vehículos e rúas nas que a as beirarrúas son o espazo público do núcleo de poboación. E esa perda de carácter secundario respecto da estrada, nun espazo público urbano no que os concellos exercen as súas competencias, motiva que sexan os concellos os que exerzan as súas competencias propias a través da conservación e mantemento das beirarrúas. Xa que os concellos, en solo urbano, independentemente doutros elementos urbanos colocados sobre as beirarrúas:*
  - *Instalan as redes de saneamento baixo a beirarrúa. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
  - *Instalan as redes de abastecemento baixo a beirarrúa. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
  - *Instalan as redes de alumado baixo a beirarrúa. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
  - *Requiren outros servizos urbanos baixo a beirarrúa para atender ós veciños do núcleo urbano tales como subministros eléctricos, de telecomunicacións ou de gas. Redes que menoscaban a conservación e mantemento da beirarrúa.*
  - *Outorgan licencias de vado para paso de vehículos sobre as beirarrúas. Uso que menoscaba a conservación e mantemento da beirarrúa.*
  - *Exercen as labores de policía e do exercicio sancionador respecto dos aparcamentos indebidos ou a instalación de contedores sobre as beirarrúas. Actividades que producen danos e menoscaban a conservación e mantemento das mesmas.*



- *Realizan a limpeza viaria da superficie da beirarrúa. Actividade que implica en si mesma unha conservación e mantemento das beirarrúas.*
  - *Exercen as labores de policía e o exercicio sancionador respecto de situacións que impiden o correcto uso das beirarrúas debido, por exemplo, á invasión do dominio público por vexetación proveniente de predios lindeiros. E moitas veces o control da vexetación dos predios lindeiros é clave, ademais de para permitir o uso das beirarrúas, para a súa correcta conservación e mantemento.*
4. *Efectivamente o art. 33.7 da LEG establece que os concellos conservarán e manterán os elementos que non formen parte dos elementos funcionais das estradas e lles sirvan ós concellos para exercer as súas competencias. Pero a LEG non establece que todos os elementos funcionais das estradas, e máis concretamente as beirarrúas, deban ser conservados e mantidos polo titular da vía.*
- *Independentemente de se a beirarrúa en solo urbano pode considerarse elemento funcional dunha estrada ou non (dada a perda do seu carácter secundario) no art. 2.b) da LEG se determina que o dominio público viario inclúe non só os terreos ocupados polos elementos funcionais, senón tamén as construcións e instalacións existentes neles. É dicir, as canalizacións de saneamento, abastecemento, telefonía ou electricidade están incluídas no dominio público viario. E sendo dominio público, non está en dúbida que a súa conservación e mantemento non compete ó titular da vía.*
  - *O art. 9.2 da LEG establece que a Administración titular da estrada é responsable do servizo público viario, así como do debido exercicio das facultades e prerrogativas que lle reconece esta lei. E efectivamente dentro dese exercicio de facultades está a explotación das estradas. A cal, definida no art. 33 da LEG, comprende non só a conservación e mantemento do dominio público viario (lembramos o establecido no art. 2.b, sobre que estar incluído no dominio público non implica que a súa conservación e mantemento compete ó titular da vía), senón tamén realizar accións encamiñadas á súa defensa, mellor uso e aproveitamento. E isto último é o que realiza o titular da vía nas beirarrúas cós concellos. Por iso toda actuación do concello respecto das beirarrúas precisa dunha autorización administrativa do titular da vía na que se fixan uns condicionantes de actuación e de uso.*
5. *Non se está a poñer en dúbida que as beirarrúas formen parte das estradas cando están situadas no seu dominio público viario. E non se está a poñer en dúbida que o concello non teña competencias propias viarias nas estradas doutras administracións.*
- *E o que non se pon en dúbida é que o concello é quen debe conservar e manter as beirarrúas cando se trata de solo urbano xa que neste caso o municipio exerce as súas competencias, non propias viarias, pero si propias de dotación de servizos (subministros varios), propias urbanísticas (vados de acceso de vehículos, urbanización ou planeamento) e demais competencias propias (control de tráfico por aparcamentos enriba da beirarrúa, control de vexetación de parcelas que invade e deteriora as beirarrúas, etc.)*
  - *En calquera caso, o determinante é que en solo urbano os titulares dos predios colindantes teñen a obriga de realizar cesión urbanística ó concello (art. 20.a da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia). Se o vial non é de titularidade do concello, neste caso é o concello o responsable de entregar estes terreos de*



*cesión debidamente urbanizados ó titular da vía. E cando o concello no exerce debidamente esta competencia, é cando o concello subscribe o correspondente convenio de colaboración coa administración titular da vía.*

6. *Por último indicar que na rede viaria da Deputación de Pontevedra, en solo urbano, as beirarrúas non están sendo conservadas nin mantidas polo ente provincial en ningún concello. E que a actuación do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais se basea, ademais do exposto anteriormente, no informe da Secretaría Xeral de 2 de agosto de 2017 que se reproduce a continuación:*

*“En relación coa petición de informe do Director do Servizo de Mobilidade sobre a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas das estradas provinciais que transitan por núcleos urbanos, maniféstase o seguinte:*

1. *Para analizar o réxime competencial no relativo á conservación das beirarrúas é necesario acudir á Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, que establece no seu art. 25 as competencias propias dos concellos, determinando no seu apartado 2.d) que corresponderá ós concellos todo o relativo a “infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”.*

*Tendo en conta que este réxime supón que as competencias neste ámbito se distribúen en función da titularidade das estradas, será preciso acudir á Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia. Nela identifícanse as beirarrúas dentro do dominio público viario como elementos funcionais das estradas (combinación dos art. 2.b) e 6), o cal determinará o seu réxime normativo.*

2. *No caso que se nos consulta relativo ás estradas que transitan por núcleos urbanos, hai que ter en conta o disposto tanto no art. 7 (no que se definen os tramos urbanos como “tramo que discorre por solo clasificado polo correspondente instrumento de planeamento urbanístico como urbano o de núcleo rural”) e o art. 8 no que se describen as travesías urbanas (como “o tramo dunha estrada no que, discorrendo por solo urbano, existen edificacións consolidadas que formen parte do núcleo de poboación”).*
3. *Segundo o disposto no art. 33.7 da Lei 8/2013, como réxime xeral, corresponderá ós concellos “a conservación e mantemento de todos os elementos que, estando no dominio público viario, non formen parte da estrada nin dos seus elementos funcionais”. Se ben, contéplase a posibilidade de modificación deste réxime por acordo entre o municipio e a administración titular da estrada. Sen embargo, sendo as beirarrúas un elemento funcional das estradas, o caso que se nos presenta trátase dunha excepción á regra xeral en tanto que, da consideración das travesías como solo urbano (definido no art. 16 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia), derívase a competencia dos municipios en materia de “planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística” tal e como establece o seu art. 12.1. Este desprazamento de determinadas competencias en canto ó municipio polo que transcorre a travesía parece confirmarse atendendo ó réxime de autorizacións contido na Lei de Estradas de Galicia, que no caso de obras, instalacións ou actividades na parte da zona de dominio público dos tramos urbanos dispón que serán outorgadas polo Concello (aínda que con informe vinculante da administración titular da estrada).*





*Neste mesmo sentido manifestouse o Tribunal de Xustiza de Galicia, na súa sentenza de 31 de xullo de 2003 ó establecer que “a conversión das estradas estatais en travesías ou tramos urbanos leva consigo determinadas consecuencias” por exemplo, neste réxime de autorización. Esta conclusión resulta lóxica ó ter en conta a utilización e aproveitamento que das beirarrúas das travesías pode obter o municipio no cumprimento dos seus intereses.*

4. *Por conseguinte, á vista do anterior, entendemos que a competencia en materia de conservación de beirarrúas no caso das estradas provinciais que transitan por núcleos urbanos, corresponde ós concellos correspondentes.*

*Pontevedra, 2 de agosto de 2017*

*O Secretario*

Resultando.- Que por atoparse o expediente fóra do prazo máximo para a súa resolución, solicítase como dilixencia para mellor proveer, á vista da documentación obrante no expediente e de cara a un posible recurso contencioso administrativo, informe á Policía Local de Soutomaior.

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na emisión de informes, na cumprimentación dos emplacementsos realizados e á acumulación de tarefas nos servizos participantes na súa tramitación.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e pasiva e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo de prescripción), descritos nos artigos 66, 3, 4.1 a) e 67.1 da Lei 39/2015.

Considerando.- Que non quedou acreditada a relación de causalidade (artigo 32.1 da Lei 39/2015) co material probatorio aportado ó expediente, antes ó contrario, queda demostrada a non responsabilidade desta Deputación no acaecido. Así, do expediente se desprende o seguinte:

- A caída tivo lugar ás 10 horas é dicir, a plena luz do día.
- Nas fotografías achegadas pola reclamante obsérvase que o desperfecto resulta imperceptible.
- Segundo o manifestado no informe de Infraestruturas de data 16/02/2022, tras a comunicación por parte do 112-SOS GALICIA, a brigada de conservación acude ao lugar para atender a incidencia e non atopa ningún dano recente ou puntual a sinalizar, achegando fotografías tomadas polo capataz.
- Dende o 1 de xaneiro de 2019 ata a data do citado informe non existe ningún outro parte de incidencia por este motivo (ou por outros similares) nesa estrada provincial.





- Aparentemente o mal estado da beirarrúa no punto onde se sinala a caída pode deberse a diferentes causas: execución de obras no edificio, paso do tempo, etc .
- Non existía, con anterioridade a esta reclamación, constancia de ningún perigo que puidera incidir na seguridade viaria da estrada provincial, polo que non procedía por parte deste servizo a sinalización do mesmo.
- Informarlle que a conservación e mantemento de beirarrúas así como das redes de servizos (como é o caso da arqueta de rexistro existente) en solo catalogado como urbano (caso que nos ocupa), vén determinada polas competencias que o Municipio ten en planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.
- Segundo o recollido na ORDENANZA DE SEGURIDADE VIARIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA: *“A responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación.*
- *Terán a consideración de elementos de urbanización a iluminación, beirarrúas, saneamento, papeleiras, colectores de lixo, etc., e rexeranse polas normas específicas de urbanización”.*
- A competencia de conservación e mantemento das beirarrúas e servizos neste tramo correspondería por tanto ao Concello.
- É o concello quen debe conservar e manter as beirarrúas cando se trata de solo urbano xa que neste caso o municipio exerce as súas competencias, non propias viarias, pero si propias de dotación de servizos (subministrados varios), propias urbanísticas (vados de acceso de vehículos, urbanización ou planeamento) e demais competencias propias (control de tráfico por aparcamentos enriba da beirarrúa, control de vexetación de parcelas que invade e deteriora as beirarrúas, etc.)
- Neste sentido manifestouse o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na súa sentenza de 31 de xullo de 2003, ó establecer *que “a conversión das estradas estatais en travesías ou tramos urbanos leva consigo determinadas consecuencias”*, por exemplo, neste réxime de autorización (esta conclusión resulta lóxica ó ter en conta a utilización e aproveitamento que das beirarrúas das travesías pode obter o municipio no cumprimento das súas obrigas e na satisfacción dos intereses xerais que lle están encomendados).
- Por conseguinte, á vista do anterior, entendemos que a competencia en materia de conservación de beirarrúas no caso das estradas provinciais que transitan por núcleos urbanos, corresponde ós concellos correspondentes.



Considerando.- Que non se produciron mais caídas pola mesma causa, o que incide na falta de dilixencia e atención da accidentada.

Nesta liña argumental o entenderon precedentes como os que se citan “ad exemplum”:

“... *El comportamiento humano implica soportar los pequeños riesgos que una eventual falta de cuidado y atención comporta...*” Sentenza de 2 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S., LA LEY JURIS 11410/2006; e na mesma liña:

- Sentenza do 9 de maio de 2000 do T.S.
- Sentenza do 26 de marzo de 2004 do T.S.X.G.
- Sentenza do 10 de marzo de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo do T.S.J. de Canarias.
- Sentenza do 30 de novembro de 2005, da Sección 14ª da Audiencia Provincial de Barcelona.
- Sentenza do 23 de decembro de 2005 da Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, do T.S.J. de Castilla y León.
- Sentenza do 3 de marzo de 2006 da Sala Primeira (do Civil) do T.S.
- Sentenza do 9 de marzo de 2006, da Sección 1ª do T.S.J. de Andalucía.
- Sentenza do 6 de abril de 2006, da Sección 3ª do T.S.J. de Andalucía.
- Ditame do Consello Consultivo de Galicia 877/06.
- Sentenza 262/2011 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra.
- Sentenza 156/2010 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
“...*aún en el caso de reconocer ese déficit en las medidas, sea de seguridad sea de vigilancia, a adoptar respecto a la zona en obras, tampoco sería posible hablar de nexo causal directo (...). Al contrario, todo parece indicar que fue una desatención por parte del peatón en las condiciones de la vía la que originó el siniestro...*”
- Sentenza 20/2012 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra:  
“*Por tanto, ni el estado de la acera en ese punto puede considerarse sorpresivo para el peatón, ni se puede considerar que fuese un obstáculo imprevisible e inevitable, pues se aprecia claramente por una persona con diligencia media con un deambular normal, existiendo más espacio en la acera para pasar, de forma que ha de considerarse que Dª. Victoria iba distraída y perdió el equilibrio cayendo en la acera (...). Se acredita la causa de exoneración consistente en culpa de la víctima, pues a esta también le es exigible la deambulación diligente, sin que quepa hacer del carácter objetivo de la responsabilidad patrimonial de la Administración Pública una especie de aseguradora universal de todos los daños que se produzcan...*”
- Sentenza 252/13 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo:  
“...*el daño ha de imputarse a la falta de atención y cuidado del peatón, daño que tenía el deber jurídico de soportar y que desde esta perspectiva, no puede calificarse como de antijurídico...*”



- Sentenza 150/16 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra:  
*“...Es exigible a cualquier viandante una mínima diligencia y cuidado cuando transita, que se concreta lógicamente en un deber de atención y cuidado”.*
  
- Sentenza 210/2016 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra:  
*“(..). Eventual falta de atención, comportamiento desatento, o falta de diligencia básica debida en el actuar de la peatón lesionada. Sumado a la evidente dificultad para mantener en un impecabilísimo estado de conservación todas las aceras y vías públicas... y a la falta de demostración de que M<sup>a</sup>. Dolores sufriera algún tipo de dolencia, enfermedad o discapacidad física, que le impidiera asegurar el paso en términos más o menos razonables, así como de que en ese mismo lugar hubiera sufrido otra caída algún otro viandante en fechas cercanas, así como a la condición del punto concreto donde se encontraba el desnivel de zona por la que no tiene que transitar el peatón, en tanto se encuentra dentro del alcorque instalado para un árbol y en una acera de considerables dimensiones (lo cual dejaba un muy buen espacio libre para la deambulación de la peatón aquí lesionada) entiendo que impide tener por cierta la acreditación suficiente para este supuesto de la existencia de un nexo causal eficiente, directo, entre daño o lesión por el que se reclama y el funcionamiento de un servicio público municipal. Por lo dicho procede la desestimación del presente recurso”.*

Na mesma liña argumental se pronuncian as sentenzas 4/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1, 217/2017 e 82/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 e a sentenza 05/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3, todos eles de Pontevedra.

Considerando.- Que a Ordenanza de Seguridade Viaria da Deputación Provincial de Pontevedra aprobada na sesión plenaria celebrada o día 22/02/2013, sen que se tivera presentado ningunha alegación á mesma, de aplicación en todas as vías de titularidade provincial, recolle no seu artigo 5.5 o seguinte:

*“A responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación”.*

Polo que a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas neste tramo correspondería, por tanto, ao Concello.

Considerando.- Que o Concello de Soutomaior non recorreu a citada ordenanza ni na vía administrativa nin na vía contenciosa.

Considerando.- Que a Sentenza 5/2019 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, sinala o seguinte:

*“El dato de referencia se vino también a confirmar definitivamente gracias a la aportación documental realizada en Sala por el letrado de la Diputación, consistente en una copia de la ordenanza de seguridad vial de la Diputación, aprobada el 22/02/2013 y publicada en el BOPDEPO nº 98, de 23/05/2013, de entre cuyas disposiciones se hizo especial mención por dicho letrado al art. 5.4 y 5, sobre cuyo contenido*



*tambien se emitiu certificación de enero de 2019 del secretario xeral de la demandada, confirmando que las “aceras” pertenecientes a vías urbanas y travesías de carreteras de titularidad provincial, tienen la consideración de elementos de urbanización lo que, según el párrafo 5º del art. 5 de la Ordenanza ya mencionada, conlleva la “responsabilidad” por su gestión, sostenimiento y reparación a cargo del Concello dentro de cuyo término municipal se halle la vía, tramo urbano o travesía en cuestión, por más que la titularidad de la misma sea provincial, es decir, de la Diputación”.*

Considerando.- Que en supostos con identidade de razón, foron desestimadas as solicitudes de indemnización, sen que os reclamantes tiveran acudido á vía xudicial, conscientes de que hai accidentes que dependen unicamente da dilixencia na deambulación de quen os sofre, e que, atendendo á fundamentación e razoamentos do acordo notificado, declinaron interpoñer, xa non recurso na vía administrativa, senón nin sequera na orde contenciosa o que, por outra banda e cinguíndonos ó presente suposto, obrigaría, de recorrer a esta última vía, a solicitar as costas procesuais. Tales precedentes constan na Asesoría Xurídica.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 39/2015, 54 da Lei 7/1985 e 223 do R.d. 2568/1986.

Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido nos artigos 88.1 e 35.1 b) e h) da Lei 39/2015, referidos á desestimación argumentada da reclamación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade desestimar a solicitude de indemnización.

9.32206.- INADMISIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL FORMULADA POR CAÍDA NO CONCELLO DE SOUTOMAIOR (Expte. 2021057839)

Dada conta que con data de rexistro 17/11/2021 (núm. rex. WEB2021043874), tivo entrada nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Miguel Anxo Lamas Dono en representación de D. Alejandro Eguía Montenegro, por lesións e danos materiais producidos en accidente laboral por mor dunha caída, o día 18/11/2019, a consecuencia do mal estado dunhas baldosas na beirarrúa, á altura do número 7 B da Rúa Cochón (PO-264) en Arcade, no Concello de Soutomaior, e que foi cuantificada economicamente en 22.298,77€.

Resultando.- Que con data 24/11/2021, e con fundamento nos artigos 5.6 e 18 da Lei 39/2015, en relación cos artigos 66, 68.1 e 73 da mesma Lei, requiriuse ó interesado para que no prazo de dez días subsanara a instancia acreditando a representación por calquera medio válido en dereito e achegara certificación feita pola mutua de traballo na que deixara constancia de que o prexudicado non fora indemnizado por mor deste accidente laboral, coa advertencia de que de non facelo así, tería lugar a perención do procedemento e o arquivo das actuacións.



Resultando.- Que con data 13/12/2021, D. Alejandro Eguía Montenegro achega apoderamento *apud acta* a favor de D. Manuel Anxo Lamas Dono.


Resultando.- Que con data 14/12/2021, requiriuse ó interesado para que aportara a certificación feita pola mutua de traballo na que deixara constancia de que non foi indemnizado por mor deste accidente laboral, achegando a mesma na data 08/02/2022, na que se certifica o seguinte:


*“A petición del interesado y según consta en nuestros ficheros D. Alejandro Eguía Montenegro, con nº de NIF 53170801E de baja médica por contingencias comunes en fecha 05/01/2021, finalizó contrato con la empresa KEBEL LOGISTICS S.L. 29/01/2021 solicitando el pago directo a la UNIÓN DE MUTUAS, a fecha de hoy sigue de baja médica y percibiendo prestación de Incapacidad Temporal por contingencias comunes.*

*Gestión Prestación Económica  
Unión de Mutuas”.*

Resultando.- Que con data 09/02/2022, e con fundamento nos artigos 79, 80 e 81.1 da Lei 39/2015 e 172.2, último inciso, do R.d. 2568/1986, solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais desta Deputación, que o emitiu na data 16/02/2022, co seguinte contido:

*Primeiro.- O número 7 da rúa Cochón de Arcade, no Concello de Soutomaior está na estrada E.P. 2909 ARCADE-VISO (que pertence á rede provincial de estradas).*





*Segundo.- Dende o día 1 de xaneiro de 2019 ata a data de hoxe existe un parte de incidencia por este motivo nesa estrada provincial moi posterior á data sinalada (ano 2021). Achégase copia do filtro nesta estrada provincial dos anos 2019, 2020 e 2021.*

**Partes de incidencias para vías e obras**

<b>Nº de Parte</b>	Registro	06/06/2019	17:11	01128	SOUTOMAIOR	Sur
2019	234	Comunicado	06/06/2019	17:13	01128	Arcade - Viso
		Finalizado	06/06/2019	17:13	01128	Victor
		Comunica	112 - SOS GALICIA			
		Notas	VEN DO 232 E 233			
<b>Finalizado</b>		Incidencia	ÁRBORE CAIDA SOBRE CABELS E CORTA UN CARRIL.			

**Partes de incidencias para vías e obras**

<b>Nº de Parte</b>	Registro	07/09/2020	18:12	01128	SOUTOMAIOR	Sur
2020	317	Comunicado	07/08/2020	18:12	01128	Arcade - Viso
		Finalizado	07/09/2020	21:00	01128	Victor
		Comunica	112 - SOS GALICIA			
		Notas	Paulino Alonso como conductor			
<b>Finalizado</b>		Incidencia	Firme da estrada afundido			

**Partes de incidencias para vías e obras**

<b>Nº de Parte</b>	Registro	28/06/2021	13:40	alberto	SOUTOMAIOR	Sur
2021	357	Comunicado	28/06/2021	13:40	alberto	Arcade - Viso
		Finalizado	28/06/2021	15:00	01127	Bacariza
		Comunica	112 - SOS GALICIA			
		Notas				
<b>Finalizado</b>		Incidencia	ACERA EN MAL ESTADO.			





Terceiro.- *Aparentemente non existe desperfecto na beirarrúa no punto sinalado (achéganse fotos do informe do vixiante e do visor do Google Earth).*



Foto do visor de Google Earth




Foto estado actual



Foto estado actual

Cuarto.- *Non existía con anterioridade constancia de ningún perigo que puidera incidir na seguridade viaria da estrada provincial, polo que non procedía por parte deste servizo a sinalización do mesmo.*


Quinto.- *Informarlle que a conservación e mantemento de beirarrúas así como das redes de servizos (como é o caso da arqueta de rexistro existente) en solo catalogado como urbano (caso que nos ocupa), vén determinada polas competencias que o municipio ten en planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística.*





*Segundo o recollido na Ordenanza de Seguridade Viaria da Deputación Provincial de Pontevedra: “A responsabilidade da xestión, sostemento e reparación dos elementos de urbanización será do concello respectivo, sen prexuízo da asistencia e colaboración que poida prestar a Deputación.*

*Terán a consideración de elementos de urbanización a iluminación, beirarrúas, saneamento, papeleiras, colectores de lixo, etc., e rexeranse polas normas específicas de urbanización”.*



*A competencia de conservación e mantemento das beirarrúas e servizos neste tramo correspondería por tanto ao Concello”.*

*María Belén Pampín Camino*

*Enxeñeira*

*Daniel Romay Díaz*

*Director de infraestruturas e Vías Provinciais*

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022002031, de data 21/03/2022, e en virtude do artigo 77 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, abriuse o período referido ós actos de instrución do procedemento, no cal o interesado podería propoñer aquelas probas ou actuacións que ó seu dereito conviñeran a fin de practicarse as que se xulgasen pertinentes, e debendo aportar, como acto de instrución realizado de oficio, os documentos xustificativos dos gastos de asistencia e farmacia cuxo importe suma 500 € no desglose das valoracións realizado na instancia.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022003148, de data 27/04/2022, púxose fin ó período probatorio polo transcurso do prazo establecido para o mesmo na data 20/04/2022, sen que o interesado tivese proposto ningunha proba nin aportado os documentos solicitados.




Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial nº RP2022003663, de data 12/05/2022, e en virtude do artigo 32.1 da Lei 39/2015, ampliouse o prazo para resolver a reclamación por atoparse o procedemento naquel intre pendente do emprazamento como interesado ó Concello de Soutomaior, circunstancia esta que aconsellou a ampliación do prazo para resolver.


Resultando.- Que con datas 11/05/2022 e 21/07/2022, e con fundamento nos artigos 4.1, apartados b) e c), da Lei 39/2015, e 76.1 da mesma Lei, déuselle traslado da reclamación ó Concello de Soutomaior para que puidera comparecer como interesado e facer as alegacións que tivera por convenientes, remitindo escrito de alegacións na data 01/08/2022 co seguinte contido:

*“(..). Á vista do emprazamento remitido pola Deputación de Pontevedra a medio de oficio de 21 de xullo de 2022 respecto ao expediente de responsabilidade patrimonial tramitado por dito organismo provincial que se segue por mesmos feitos que teñen dado lugar á incoación do presente procedemento, enténdese procedente comunicar ao citado órgano que, conforme ao informado pola arquitecta municipal en data 1 de xuño de 2022, o número 7B da Rúa Cochón no que se tería producido a caída, non se atopa sobre terreos da estrada PO-264 senón sobre un tramo de rúa titularidade do Concello de Soutomaior, identificada actualmente como “Rúa Carballal” no Inventario de Bens Municipais no epígrafe 1c, co número de orde do grupo 78, e co número de orde de inventario 207, polo que neste caso asúmese a competencia local nos feitos (...).”*


Resultando.- Que á vista do alegado polo Concello de Soutomaior, con data 01/09/2022 solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas desta Deputación para que ratificase ou rectificase o informado na data 16/02/2022, remitindo informe aclaratorio na data 04/10/2022 co seguinte contido:

*PRIMEIRO.- O número 7 da rúa Cochón de Arcade, no Concello de Soutomaior está na estrada EP- 2909 ARCADE-VISO (que pertence á rede provincial de estradas).*





*SEGUNDO.- En efecto, unha vez comprobado in situ que o portal con número 7B da Rúa Cochón no que se tería producido a caída, atopase sobre terreos de titularidade do Concello de Soutomaior (achégase fotos do informe do vixiante) e non pertencería á rede provincial.*







*Por tanto, unha vez comprobado o erro por identificar o portal co número 7, admitimos que a competencia de conservación e mantemento das beirarrúas e servizos neste tramo correspondería por tanto ó Concello de Soutomaior.*

Considerando.- Que no presente procedemento seguiuise o cauce legal descrito nos artigos 65, 67, 81 e 91 da Lei 39/2015 e na Sección 1ª do Título IV, da Lei 40/2015, referida á responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas, así como o relativo ó procedemento administrativo xeral, agás no referido á cumprimentación do prazo para resolver, e isto debido á tardanza na cumprimentación de requirimentos e cumprimentación de alegacións e/ou comparecencias ós emprazamentos.

Considerando.- Que a instancia se presenta cumprimentando os requisitos de capacidade, lexitimación activa e temporalidade (sen ter transcorrido o prazo prescrición), descritos nos artigos 67 (en relación co 66), 3 e 4.1, letra a), da Lei 39/2015.

Considerando.- Que o alegado polo Concello de Soutomaior na data 01/08/2022 (o número 7B da Rúa Cochón no que se tería producido a caída, non se atopa sobre terreos da estrada PO-264 senón sobre un tramo de rúa titularidade do Concello de Soutomaior, polo que neste caso asúmese a competencia local nos feitos (...)) impide entrar sequera a valorar as circunstancias concorrentes no sinistro en cuestión, por canto non pode constituírse validamente a relación procedimental ó non resultar a Deputación Provincial pasivamente lexitimada para interpoñer perante ela ningunha reclamación que non se relacione directamente coa súa titularidade demanial.

Considerando.- Que as Administracións Públicas réxense en materia de responsabilidade patrimonial polos artigos 106.2 da Constitución Española, 32 e seguintes da Lei 40/2015, 54 da Lei 7/85 e 223 do R.d. 2568/86.

Considerando.- Que en ningún caso pode esta Deputación Provincial facerse responsable de danos producidos en estradas que non sexan da súa titularidade demanial.



Considerando.- Que o presente acordo cumprimenta o establecido no artigo 88.1 da Lei 39/2015 referido á inadmisión argumentada da reclamación.

Considerando.- Que, asemade, o apartado 5 do artigo 88 da Lei 39/2015 establece que *“En ningún caso podrá la Administración abstenerse de resolver so pretexto de silencio, oscuridad o insuficiencia de los preceptos legales aplicables al caso, aunque PODRÁ RESOLVER LA INADMISIÓN DE LAS SOLICITUDES (...) MANIFIESTAMENTE CARENTES DE FUNDAMENTO”*.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade inadmitir a trámite dita solicitude de indemnización.

10.32207.- MODIFICACIÓN DO PROXECTO DO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 01/07/2022 (Nº16.31917), RELATIVO Á “CONCESIÓN DUNHA AXUDA AO CONCELLO DE ARBO AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A SUPRESIÓN DA SIMBOLOXÍA FRANQUISTA NOS ESPAZOS PÚBLICOS E A REHABILITACIÓN E SINALIZACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO-CULTURAL DIRIXIDAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2022”.  
(Expte.2022033859)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou, na súa sesión ordinaria do 25 de marzo de 2022 (acordo núm. 4.31493), as Bases de subvencións para a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos e a rehabilitación e sinalización do patrimonio histórico-cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra para o ano 2022, publicadas no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 31 de marzo de 2022 (BOPPO núm. 63).

A Xunta de Goberno acordou, na súa sesión ordinaria do 1 de xullo de 2022 (acordo núm. 16.31917), concederlle ao Concello de Arbo, con CIF: P3600100F, unha achega de 3.022,02 euros (sobre un orzamento de 6.277,96 euros) para o desenvolvemento das *Obras de mellora da pavimentación no entorno do cruceiro de Sela*, con cargo á liña B da mencionada convocatoria e á aplicación 22/332.3322.762.00 do vixente Orzamento Provincial.

Con data 27 de setembro de 2022 (núm. de rexistro WEB2022051148) recibíuse escrito do Concello solicitando a modificación do referido proxecto, documentación que foi completada os días 3 de outubro (núm. de rexistro WEB2022051966) e 5 de outubro de 2022 (núm. de rexistro WEB2022052441). Esta modificación solicítase a teor do informe de Patrimonio (exp. 1662/22), segundo o cal o deseño aprobado inicialmente *“considérase pouco apropiado, mesturando pavimentos de lastro e lousas no contorno do elemento, o que non se atopa xustificado, sendo preferible deixar o espazo nun estado similar ao orixinal. Respecto do pavimento de formigón raiado, considérase de mellor integración nos ámbitos rurais o formigón con acabado de árido visto”*.



En vista do anterior, e tal e como se recolle no informe remitido polo Concello, o contorno do cruceiro deixarase nun estado similar ao orixinal, eliminándose os pavimentos de lastro e lousas e ampliándose os m<sup>2</sup> de pavimento de formigón con árido visto.

Tendo en conta que esta solicitude se presentou en prazo e que estes cambios non implican a modificación da contía da subvención concedida, de 3.022,02 €, ao non modificarse o total do orzamento inicialmente presentado, e visto o informe favorable de Intervención (CSV: OT4SIDTORNALDK7P), de 10 de outubro de 2022, para levar a cabo a dita modificación, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade autorizar esta modificación do proxecto presentado polo Concello de Arbo, permanecendo invariable o resto do contido do acordo.

11.32208.- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO ADOPTADO NA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 16/09/2022 (Nº6.32100), RELATIVO Á APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº1 DA OBRA “MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 2403 MOSENDE-MORGADÁNS E NA E.P. 2404 ACCESO A CHENLO (CONCELLOS DE O PORRIÑO E GONDOMAR)” (Expte 2021033984)

Visto o erro padecido no acordo número 6.32100 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 16/09/2022 relativo á aprobación do proxecto modificado nº1 da obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadán e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)”.

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade corrixir o citado erro no seguinte senso:

Onde di:

(...)

2. Modificar o contrato de obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadán e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)” establecendo o seu importe unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista, na contía de 510.460,26 € IVE incluído (...)

Debe dicir:

(...)

2. Modificar o contrato de obra “Mellora da seguridade viaria na E.P. 2403 Mosende-Morgadán e na E.P. 2404 Acceso a Chenlo (Concellos de O Porriño e Gondomar)” establecendo o seu importe unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista, na contía de 510.130,26 € IVE incluído. (...)



12.32209.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA. (Expte. 2022023348)

É obxecto deste informe-proposta formular proposta dunha primeira relación de solicitudes aceptadas e indicar o importe da subvención que lle corresponde aos concellos en aplicación da base décimo primeira das reguladoras da convocatoria de subvencións para redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclables nos concellos da Rede Ágora.

Antecedentes.

A Xunta de Goberno da Deputación, en sesión de 13 de maio de 2022, adoptou, entre outros, o acordo de aprobación das bases reguladoras e da convocatoria de subvencións para a “Redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís e/ou ciclistas nos concellos da Rede Ágora” (expte. 2022023348). Este acordo foi publicado no BOPPO número 96, de 20 de maio de 2022.

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) nos seus preceptos de carácter básico e de aplicación preferente á lexislación autonómica contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.
- Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- A Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 30 de decembro de 2016 -núm.249(OXSDEPPO) no seu artigo 4 relativo ao réxime xurídico das subvencións da Deputación enumera normativa aplicable entre a que recolle as convocatorias e bases reguladoras destas así como os actos administrativos ditados polos distintos órganos da Deputación.
- Bases reguladoras da convocatoria publicadas no BOPPO número 96, de 20 de maio de 2022.





2ª Beneficiarios. Procedemento de concesión e financiamento.

De acordo coa base segunda poden ser beneficiarios os concellos da provincia de Pontevedra que estean adheridos á Rede Ágora na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes e que teñan un censo de poboación inferior aos 50.000 habitantes, segundo a correspondente certificación expedida polo Instituto Galego de Estatística (IGE) referida aos últimos datos publicados.

Durante o prazo establecido na base quinta da convocatoria, 30 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no BOPP (21 de maio ao 4 de xullo de 2022) presentaron solicitudes 28 concellos, para un total de 77 proxectos.

Todos os concellos solicitantes teñen unha poboación inferior a 50.000 habitantes. Polo que se refire á adhesión á Rede ÁGORA, por Resolución de 30 de xuño de 2021 acordouse a adhesión de 27 dos solicitantes. Nesta Resolución non consta o Concello de Redondela por ter solicitado a adhesión con posterioridade (xuño de 2022), non obstante a antedita base segunda establece que poden ser beneficiarios os concellos adheridos á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Segundo establece a base quinta as subvencións outorgaranse polo procedemento de concorrencia non competitiva, segundo orde de entrada no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra.

Conforme a base terceira a liña de subvencións está dotada con 1.960.000 €, dos cales 960.000 son con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10/21 e 1.000.000 € con cargo á aplicación 22/456.9420.762.10. Subvencionase o 90 % do custo de redacción dos proxectos, ata un máximo de 50.000 € por concello, polo tanto o importe teórico total máximo a conceder é de 1.400.000 €.

3ª Admisión, comprobación e validación técnica das solicitudes.

Realizouse a comprobación formal das solicitudes e requíronse as emendas que se estimaron procedentes en cada caso.

Examinadas as memorias presentadas, o xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías provinciais, en data 23 de setembro de 2022, emitiu o informe previsto no punto 2 da base reguladora décimo primeira, validando as memorias correspondentes aos concellos do Rosal, Covelo, Tomiño, Tui, As Neves, O Grove e Pontearreas.

Polo que se refire ao resto de solicitudes, indica que con data 9 de setembro de 2022 *“requíriuse a un total de 21 concellos a emenda de documentación presentada para un total de 52 solicitudes, estando en prazo de presentación de documentación no día da sinatura deste informe.”*

Dado que non se supera o importe da dotación económica máxima prevista, non é necesario establecer prelación.



Na seguinte táboa recóllese o cumprimento dos requisitos esixidos pola convocatoria ao respecto dos concellos con validación técnica favorable:

NOME	TÍTULO	CASO	Acordo (Anexo III)	Certificación (Anexo IV)	Estimación custo*	VALIDACIÓN TÉCNICA
O ROSAL	MELLORA URBANA EN SAN MIGUEL DE TABAGÓN: ESTRADA VELLA E RUA SANTIAGO RUIZ.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
O ROSAL	RECUPERACIÓN DE ESPAZO PEONIL NA RUA DA ESTRADA E INTEGRACIÓN DOS CAMIÑOS DE SAN GREGORIO.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
O ROSAL	MELLORA DA CALIDADE VIARIA E ESPACIAL NA CONTORNA DAS POZAS DAS PESQUEIRAS.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
O ROSAL	SENDA PEONIL EN FORNELOS, ENLAZANDO A PO353 E A PO354.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
O ROSAL	RECUPERACIÓN DE ESPAZO PEONIL DAS RUAS JESUS NOYA E TRAVESÍA DO CASAL E INTEGRACIÓN DO CAMIÑO DA VILA VELLA.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
COVELO	MELLORA DA CONTORNA DA IGREXA DE SANTO ESTEVO DE CASTELÁNS. PARROQUIA DE CASTELÁNS.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
COVELO	MELLORA ACCESIBILIDADE NÚCLEO GRAÑA E CONTORNA DA IGREXA DE SAN BERNABÉ. FASES II E III.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
COVELO	PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE E HUMANIZACIÓN DE PRAZA E CAMIÑO DE A HERMIDA.	Base 8.3	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
COVELO	ACONDIC. ITINERARIO PEONIL DE CONEXIÓN ENTRE O NÚCLEO DE BARCIADEMERA - IGREXA SAN MARTIÑO.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
TOMIÑO	ACONDICIONAMENTO DO TORREIRO DE TABORDA.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
TOMIÑO	ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO TORREIRO DE VILAMEÁN.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
TOMIÑO	MELLORA MOB. PEONIL E CICLABLE ENTRE OS EQUIPAMENTOS NA AVDA.REP. ARXENTINA FASE I.	2	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ



TOMIÑO	MELLORA MOB. PEONIL E CICLABLE ENTRE OS EQUIPAMENTOS NA AVDA. REP. ARXENTINA FASE II.	2	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
TOMIÑO	MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E CICLABLE ENTRE OS EQUIPAMENTOS NA AVDA. ORDÓÑEZ.	2	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
TOMIÑO	SENDA PEONIL DO CAMIÑO DO ALIVIO.	2	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
TUI	ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA IGREXA DE O SAGRARIO DE PAZOS DE REIS.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
TUI	REFORMA DE RUA EN A GUIA. PARROQUIA RANDUFE.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
TUI	ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA IGREXA DE SANTIAGO DE BALDRANS.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
TUI	ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO BALNEARIO DE CALDEAS. CONCELLO DE TUI.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
TUI	ACONDICIONAMENTO RUA DA BARCA, CAMIÑO PORTUGUES DE SANTIAGO.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
AS NEVES	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PEONIL NO CAMIÑO DE LIÑARES E NO CAMIÑO DO LUGAR DE CHAN.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
AS NEVES	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PEONIL NA RÚA DO CRUCEIRO E MELLORA DA PRAZA DO CRUCEIRO.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
O GROVE	HUMANIZACIÓN DAS RÚAS: EXTREMADURA, RIOXA E VALENCIA.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
O GROVE	HUMANIZACIÓN DA RÚA ENTREHORTAS.	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ
PONTEAREAS	RECUPERACIÓN PARA USO PEONIL E CICLÁBEL DA REDE VIARIA DE INTERCONEXIÓN ENTRE PRAZA MAIOR, PRAZA DR. FERNÁNDEZ VEGA, PRAZA DE BUGALLAL E CONSERVATORIO MUNICIPAL	1	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ

\* No caso dos concellos do Rosal, As Neves e Ponteareas recóllese nas memorias.



#### 4ª. Proposta de concesión e exclusións.

O punto 3 da base décimo primeira establece que a Xefatura de Servizos Administrativos de Infraestruturas e Vías Provinciais deberá emitir informe proposta sobre a adecuación das solicitudes, no que se sinala a subvención máxima que lle corresponde a cada proxecto. Indicarase ademais o importe máximo que lle corresponde a cada concello, resultado da suma de todos os proxectos presentados por este. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas, motivando as razóns das desestimacións.

No que atinxe aos criterios de concesión a base quinta – derradeiro parágrafo establece que *“cada concello presentará tantas solicitudes independentes como proxectos propoña para a redacción. No caso de que o concello presente varias solicitudes e a suma subvencionable supere o máximo establecido de 50.000 €, terase en conta a orde de entrada das solicitudes no Rexistro da Deputación de Pontevedra, de xeito que se subvencionarán co 90 % do custo de redacción do proxecto as solicitudes que cumpran os requisitos e o concello presente antes de chegar ao límite de 50.000 € subvencionables.”*. Conforme a esta base propónse a desestimación da solicitude presentada polo Concello de Tomiño para a redacción do proxecto *“Senda peonil do camiño do Alivio”* por presentar o Concello varias solicitudes e superarse con esta- presentada en último lugar- o límite de 50.000 €.

A base reguladora décimo segunda –Resolución- establece que formulada a proposta de resolución definitiva, o órgano competente resolverá o procedemento.

A resolución do órgano competente notificaráselles aos concellos interesados e publicarase no BOPPO. Unha vez publicada a resolución de concesión, entenderase que os concellos aceptan as subvencións cando transcorran dez (10) días contados desde o día seguinte ao da publicación, salvo que estes expresamente as rexeiten no prazo de dez (10) días e sen prexuízo da notificación.

Polo que antecede, co fin de non demorar a resolución dos procedementos en prexuízo dos concellos que xa contan con validación técnica e sen prexuízo dos restantes, logo do informe favorable da Intervención Xeral de 18 de outubro de 22, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade a adopción do seguinte acordo:

#### PRIMEIRO:

a) excluír, en aplicación do derradeiro parágrafo da base quinta, a solicitude presentada polo Concello de Tomiño para a redacción do proxecto *“Senda peonil do camiño do Alivio”* por presentar o Concello varias solicitudes e superarse con esta- presentada en último lugar- o límite de 50.000 €.



b) conceder aos concellos que xa contan con validación das memorias as subvencións para os proxectos e contías que se detallan a continuación:

### PROXECTOS DE RECUPERACIÓN DE ESPAZOS PÚBLICOS E CREACIÓN DE SENDAS PEONÍS E/OU CICLABLES NOS CONCELLOS DA REDE ÁGORA

CÓD. EXPTE.	DATA DE REXISTRO DA SOLICITUDE	NOME	TÍTULO	Custo estimado	90% Custo estimado	Total subvención	Total contía concello
20220396 95	27/05/2022 (12:54 horas)	O ROSAL	MELLORA URBANA EN SAN MIGUEL DE TABAGÓN: ESTRADA VELLA E RUA SANTIAGO RUIZ	18.753,79 €	16.878,41 €	16.878,41 €	49.989,73 €
20220394 38	27/05/2022 (12:59 horas)		RECUPERACIÓN DE ESPAZO PEONIL NA RUA DA ESTRADA E INTEGRACIÓN DOS CAMIÑOS DE SAN GREGORIO	13.503,60 €	12.153,24 €	12.153,24 €	
20220394 25	27/05/2022 (13:04 horas)		MELLORA DA CALIDADE VIARIA E ESPACIAL NA CONTORNA DAS POZAS DAS PESQUEIRAS	10.828,14 €	9.745,33 €	9.745,33 €	
20220394 22	27/05/2022 (13:19 horas)		SENDA PEONIL EN FORNELOS, ENLAZANDO A PO353 E A PO354	2.793,13 €	2.513,82 €	2.513,82 €	
20220393 16	27/05/2022 (13:09 horas)		RECUPERACIÓN DE ESPAZO PEONIL DAS RUAS JESUS NOYA E TRAVESÍA DO CASAL E INTEGRACIÓN DO CAMIÑO DA VILA VELLA	9.665,48 €	8.698,93 €	8.698,93 €	
20220460 18	01/07/2022 (12:42 horas)	COVELO	MELLORA DA CONTORNA DA IGREXA DE SANTO ESTEVO DE CASTELÁNS. PARROQUIA DE CASTELÁNS	14.278,00 €	12.850,20 €	12.850,20 €	46.935,90 €
20220459 88	01/07/2022 (11:57 horas)		MELLORA ACCESIBILIDADE NÚCLEO GRAÑA E CONTORNA DA IGREXA DE SAN BERNABÉ. FASES II E III	18.029,00 €	16.226,10 €	16.226,10 €	
20220450 57	28/06/2022 (13:46 horas)		PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE E HUMANIZACIÓN DE PRAZA E CAMIÑO DE A HERMIDA	5.203,00 €	4.682,70 €	4.682,70 €	
20220441 04	20/06/2022 (12:05 horas)		ACONDIC. ITINERARIO PEONIL DE CONEXIÓN ENTRE O NÚCLEO DE BARCIADEMERA -IGREXA SAN MARTIÑO	14.641,00 €	13.176,90 €	13.176,90 €	



20220464 08	04/07/202 2 (14:55 horas)	TOMIÑO	ACONDICIONAMENTO DO TORREIRO DE TABORDA	6.239,50 €	5.615,55 €	5.615,55 €	45.779,63 €
20220464 01	04/07/202 2 (15:02 horas)		ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO TORREIRO DE VILAMEÁN	6.239,50 €	5.615,55 €	5.615,55 €	
20220463 96	04/07/202 2 (15:09 horas)		MELLORA MOB. PEONIL E CICLABLE ENTRE OS EQUIPAMENTOS NA AVDA. REP. ARXENTINA FASE I	12.323,8 5 €	11.091,4 7 €	11.091,47 €	
20220463 90	04/07/202 2 (15:14 horas)		MELLORA MOB. PEONIL E CICLABLE ENTRE OS EQUIPAMENTOS NA AVDA. REP. ARXENTINA FASE II	11.979,0 0 €	10.781,1 0 €	10.781,10 €	
20220463 89	04/07/202 2 (15:20 horas)		MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL E CICLABLE ENTRE OS EQUIPAMENTOS NA AVDA. ORDÓNEZ	14.084,4 0 €	12.675,9 6 €	12.675,96 €	
20220463 87	04/07/202 2 (15:24 horas)		SENDA PEONIL DO CAMIÑO DO ALIVIO	6.013,70 €	5.412,33 €	0,00 €	
20220443 67	22/06/202 2 (12:36 horas)	TUI	ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA IGREXA DE O SAGRARIO DE PAZOS DE REIS	11.826,5 4 €	10.643,8 9 €	10.643,89 €	49.891,45 €
20220443 64	22/06/202 2 (12:31 horas)		REFORMA DE RUA EN A GUIA. PARROQUIA RANDUFE	7.166,83 €	6.450,15 €	6.450,15 €	
20220443 63	22/06/202 2 (12:26 horas)		ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DA IGREXA DE SANTIAGO DE BALDRANS	11.367,9 5 €	10.231,1 6 €	10.231,16 €	
20220443 62	22/06/202 2 (12:20 horas)		ACONDICIONAMENTO DA CONTORNA DO BALNEARIO DE CALDEAS. CONCELLO DE TUI	15.721,5 3 €	14.149,3 8 €	14.149,38 €	
20220443 55	22/06/202 2 (12:13 horas)		ACONDICIONAMENTO RUA DA BARCA, CAMIÑO PORTUGUES DE SANTIAGO	9.352,09 €	8.416,88 €	8.416,88 €	
20220453 12	29/06/202 2 (11:00 horas)	AS NEVES	RECUPERACIÓN DO ESPAZO PEONIL NO CAMIÑO DE LIÑARES E NO CAMIÑO DO LUGAR DE CHAN	13.176,4 2 €	11.858,7 7 €	11.858,77 €	18.313,71 €
20220453 10	29/06/202 2 (14:45 horas)		RECUPERACIÓN DO ESPAZO PEONIL NA RÚA DO CRUCEIRO E MELLORA DA PRAZA DO CRUCEIRO	7.172,15 €	6.454,94 €	6.454,94 €	
20220450 70	28/06/202 2 (11:23 horas)	O GROVE	HUMANIZACIÓN DAS RÚAS: EXTREMADURA, RIOXA E VALENCIA	25.410,0 0 €	22.869,0 0 €	22.869,00 €	44.104,50 €
20220450 67	28/06/202 2 (11:30 horas)		HUMANIZACIÓN DA RÚA ENTREHORTAS	23.595,0 0 €	21.235,5 0 €	21.235,50 €	
0220464 13	04/07/202 2 (14:19 horas)	PONTEAREAS	RECUPERACIÓN PARA USO PEONIL E CICLÁBEL DA REDE VIARIA DE INTERCONEXIÓN ENTRE PRAZA MAIOR, PRAZA DR. FERNÁNDEZ VEGA, PRAZA DE BUGALLAL E CONSERVATORIO MUNICIPAL	67.222,7 6 €	60.500,4 8 €	50.000,00 €	50.000,00 €



SEGUNDO.- O acordo da Xunta de Goberno resolvendo o procedemento notificaráselles aos concellos interesados e publicárase no BOPPO. Unha vez publicada a resolución de concesión, entenderase que os concellos aceptan as subvencións cando transcorran dez (10) días contados desde o día seguinte ao da publicación, salvo que estes expresamente as rexeiten no prazo de dez (10) días e sen prexuízo da notificación.

13.32210.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR CAMBIO DE FINALIDADE E CAMBIO SOLICITUDE, AO CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “REFORMA INTEGRAL DO CENTRO SOCIAL DE CEPEDA” (Expte. 2022059639)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942-9425-762.45 (Plan Concellos 22-23).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos, de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detración por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detración de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.





O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do Plan Concellos 2022-2023, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

No marco do Plan Concellos 2022-2023, mediante resolución presidencial núm. 2022006204, de 31 de agosto de 2022, concedéuselle ao Concello de Pazos de Borbén, CIF: P-3603700J, unha subvención, por importe de 55.739,98 €, co obxecto do financiamento do investimento “*Rehabilitación interior do Centro Social de Cepeda*” (Ref: 2022011247). Esta concesión estaba condicionada á autorización da Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

En data 19/09/2022, co núm. de rexistro 2022049963 o Concello de Pazos de Borbén solicita que sexa admitida a trámite a desistencia total da subvención arriba referida, polo importe de 55.739,98€.

Ase mesmo, noutro expediente, o número 2022011241 seguido para a actuación “*Limpeza de cunetas e bacheo no camiño do Santo Aparecido e de Zoce ó Galleiro*” cun orzamento de 47.846,23 euros, resultou rexeitada por Intervención Provincial por non axustarse ao obxecto das Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023, dado que os traballos descritos teñen o carácter de servizo de mantemento e non poden ser considerados coma un investimento. Emporiso o Concello remata por desistir da mesma.



En data 11/10/2022, mediante resolución presidencial núm. 2022011247 acéptase a desistencia total do Concello de Pazos de Borbén á subvención concedida para o investimento “*Rehabilitación interior do Centro Social de Cepeda*” (Ref: 2022011247), o que deixa en dispoñible na aplicación orzamentaria 2022/942.9425.762.45 e no correspondente proxecto de gasto crédito por importe de 55.739,98 euros para o financiamento das novas propostas que pretende acometer o Concello.

En data 19/09/2022 co núm. de rexistro WEB2022049963, emendado en data 10/10/2022 e 14/10/2022, o Concello de Pazos de Borbén solicitou, formalmente, que o crédito total dispoñible de 103.586,20 euros, por mor da desistencia e do abandono dunha solicitude, se puidese empregar no financiamento do seguinte investimento: “*Reforma integral do Centro Social de Cepeda*”, cun orzamento polo importe de 103.446,82 euros. Esta nova petición é tramitada no expediente nº 2022059639. Ademais convén indicar que esta actuación ao igual que a anterior da que se desistiu, precisa autorización da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a cal foi novamente presentada axustándose ao novo proxecto tal e como consta nas actuacións.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 14/10/2022.

Fundamentación xurídica:

1.- Normativa examinada:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.
- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

## II.- Consideracións xurídicas.

### Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

### Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

### Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª-7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª e 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Base Reguladora 17ª do Plan Concellos 2022-2023 Liña – Investimentos, lexitima ós concellos a solicitar o cambio ou modificación dos acordos ou resolucións de concesión pola desistencia total ou parcial da actuación, sempre e cando non se prexudiquen dereitos de terceiros e se solicite antes de que conclúa o prazo para a realización das actividades obxecto de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- No momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 estaba pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Ese texto é a Lei 1/2022, de 12 xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga (DOG núm. 154 de 12 de agosto de 2022), que tal como se prevía de *lege ferenda*, pode acudirse a convenios ou instrumentos de colaboración, que distribúen as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se así o fagan, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún de tales instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo á Deputación para que esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no Plan Concellos 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de Cooperación.



- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Parte dispositiva:

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 14/10/2022, e da xefa do servizo de Cooperación de data 14/10/2022 que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da intervención provincial, de data 17/10/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Pazos de Borbén*, CIF: P3603700J a cantidade de 103.446,82 € con destino ao financiamento do investimento “*Rehabilitación interior do Centro Social de Cepeda*” (Expte.2022059639) cun orzamento que importa 103.446,82 €, quedando configurada a súa petición segundo indica a seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención a cargo do Plan Concellos - €	Achegas doutras administracións públicas -€	Fondos propios do Concello-€
2022	103.446,82	103.446,82	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	103.446,82	103.446,82	0,00	0,00

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 22/942.9425.762.45 do orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Confederación Hidrográfica Miño-Sil por realizarse algunha actuación na zona de afección deste organismo, sendo imprescindible que se remitan á Deputación xunto coa primeira xustificación presentada da axuda económica concedida.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023 o Concello deberá de comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado da presente resolución ao *Concello de Pazos de Borbén*, a Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

#### 14.32211.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

#### 15.32212.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Vicepresidente, sendo as once horas vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Sr. Vicepresidente, comigo, o Secretario que dou fe.

